



XUNTA
DE GALICIA

RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS DE SAÚDE LABORAL ANTE A COVID-19 NO COMERCIO

7 de marzo de 2022



issga.xunta.gal



INTRODUCCIÓN

En base á normativa e ás recomendacións da autoridade sanitaria, elabórase esta **guía de boas prácticas preventivas de saúde laboral ante o coronavirus no comercio** que ten como finalidade dar pautas e orientacións para a prevención da transmisión da COVID-19 nesta actividade.

Esta guía inclúe **medidas** dirixidas tanto á **protección do persoal traballador como da clientela**, no entanto, as medidas a im-

plantar deberán adaptarse ás peculiaridades de cada comercio e revisarse e actualizarse segundo a normativa ditada pola autoridade sanitaria.

Con carácter máis xeral, teranse en conta os criterios xerais que se establecen no *Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2*.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A COVID-19

➤ O SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas causándolles a enfermidade **COVID-19**. O **período de incubación** mediano é de 5,1 días. O 95% dos casos sintomáticos desenvolveron xa os seus síntomas aos 11,7 días tras a exposición.

➤ **Transmítese polas pingas respiratorias e aerosois** que se emiten ao respirar, falar, cantar, tusir, esberrar ou facer exercicio intenso, cando estas chegan ás mucosas, conxuntivas e tracto respiratorio de outras persoas. O risco aumenta na distancia curta, en contornas pechadas e concorridas, especialmente mal ventiladas, e cando facemos exercicio físico, falamos alto, gritamos ou cantamos xa que se que aumenta a xeración de aerosois. Tamén podería darse o contaxio ao tocar o nariz, os ollos ou a boca coas mans que tocaron superficies contaminadas.

➤ Considérase que a transmisión da infección comeza 1-2 días antes do inicio de **síntomas**, sendo os máis comúns a **febre, tose e sensación de falta de aire**. Tamén pode haber diminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade

xeral, diarrea ou vómitos. O habitual son os síntomas leves, pode haber persoas sen síntomas e nos casos máis graves pode causar pneumonía, dificultade importante para respirar, fallo renal e mesmo o falecemento.

➤ **Os principais grupos vulnerables** son as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade hepática crónica severa, enfermidade pulmonar crónica, insuficienciarenal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos.

➤ O **maior risco de contaxio** céntrase no persoal sanitario asistencial e non asistencial que atende un caso confirmado ou en investigación con síntomas, cun contacto estreito. En xeral, débense considerar de maior risco aquelas profesións nas que se poida producir un contacto estreito con persoas infectadas.

➤ A pesar de que a campaña de vacinación vacinación está a conseguir protexer a poboación e retomar actividades económicas e sociais, sigue sendo necesario adoptar **medidas preventivas e de control específicas**

acordes coa situación epidemiolóxica e sanitaria, para reducir o risco de contaxio.


› A **Organización Mundial da Saúde (OMS)** declarou o pasado 30 de xaneiro a situación de “emerxencia de saúde pública de importancia internacional”. Posteriormente, o 11 de marzo de 2020 declarou á COVID-19 como pandemia a nivel mundial.

› España declarou en **dúas ocasións o estado de alarma** en todo o seu territorio para poder adoptar determinadas medidas restritivas e conter a propagación do virus, o **primeiro** foi polo RD 463/2020 e estendeuse **dende o 14/03/2020 ao 21/06/2020** e o **segundo** foi polo RD 926/2020 e **dende o 25/10/2020 ao 09/05/2021**. Asemade, o **13/03/2020 Galicia declaraba a situación de emerxencia sanitaria** e activaba o Plan territorial de emerxencias. O **15/06/2020** o territorio galego entraba na denominada “**nova normalidade**” (Decreto 90/2020) e

a **Resolución do 12/06/2020 establecía as medidas** preventivas necesarias para facer fronte á crise sanitaria que se ían adaptando á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria mediante diferentes disposicións normativas.

Durante o **segundo estado de alarma** ditáronse diferentes ordes, resolucións e disposicións pola presidencia da Xunta de Galicia para afrontar a crise e, unha vez **finalizado**, a Consellería de Sanidade continuou adoptando medidas específicas que tiveron efecto ata o **levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego** que se produciu o **21/10/2021**. No entanto, continúa a situación de crise sanitaria e son de aplicación as medidas contidas na **Lei estatal 2/2021**, do 29 de marzo e as establecidas pola **autoridade sanitaria autonómica**. No momento actual as medidas específicas para Galicia, veñen recollidas na **Orde do 22 de outubro de 2021** na súa redacción vixente.

MANTÉN AS DISTANCIAS



MEDIDAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE

➤ As persoas que sexan consideradas caso **sospeitoso** ou probable por teren síntomas compatibles coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo e as consideradas como caso **confirmado** con infección activa deberán seguir as **condicións de illamento ou corentena** que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública. O servizo sanitario do departamento de prevención de riscos laborais será o encargado de establecer os mecanismos para a investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.

LIÑA DE ATENCIÓN

881 540 045

➤ Consideráse **contacto estreito** a calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso, a unha distancia menor de 2 metros durante máis de 15 minutos en 24 horas. O prazo para identificar contactos comeza 2 días antes da data de inicio de síntomas (ou da toma de mostra nos asintomáticos).

Os contactos estreitos deben seguir as recomendacións da autoridade sanitaria que basicamente consisten en intensificar o uso da máscara, evitar o contacto con persoas e ámbitos vulnerables (como hospitais e centros sociosanitarios), reducir as interaccións sociais (mellor teletraballar), lavar as mans con frecuencia e vixiar a aparición de síntomas.

➤ As **persoas traballadoras que fosen diagnosticadas** de "COVID persistente" unha vez reincorporadas ao seu posto de traballo, deben ser valoradas polo persoal sanitario do servizo de prevención para determinar se requiren ou non adaptacións no seu posto de traballo en función das súas limitacións.

➤ O servizo sanitario do servizo de prevención de riscos laborais (SPRL) determinará a presenza de **persoas traballadoras especialmente sensibles** á infección polo SARS-CoV-2 tendo en conta a pertenza aos grupos vulnerables á infección, o nivel de risco do posto e administración de vacina. Indicará a natureza da especial sensibilidade e emitirá un informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección.

Cando se requira a adaptación ou cambio de posto e isto non fose posible:

- No caso do **persoal do réxime xeral de seguridade Social** o médico do traballo do servizo de prevención emitirá un informe para o médico de Atención Primaria co fin de tramitar a incapacidade temporal.

- De tratarse de **persoas traballadoras autónomas** é a Inspección de Servizos Sanitarios (ISS) quen realiza a valoración da especial sensibilidade e emite un informe para o médico de Atención Primaria que tramitará a incapacidade temporal se fose necesario. As solicitudes de valoración presentaranse pola persoa interesada ou polo seu representante legal mediante o procedemento PR004A (<http://sede.xunta.gal/tramitar/PR004A>) dirixidas á ISS.

- **As persoas traballadoras autónomas con asalariados ao seu cargo** deberán presentar un informe asinado polo médico de traballo dun SPRL nos mesmos termos que os sinalados para os traballadores do réxime xeral da Seguridade Social.



➤ O **médico de Atención Primaria do Sergas** será quen poderá **emitir a baixa e a alta laboral** ao persoal traballado afectado polo coronavirus, tanto nas situacións de enfermidade, de illamento preventivo e a outro persoal que o precise como é o caso dos especialmente sensibles sen posibilidade de adoptar as medidas preventivas adecuadas.

➤ Considérase **unha situación asimilada a accidente de traballo para a prestación económica**, pero a continxencia para cubrir será de enfermidade común.

MEDIDAS NOS DESPRAZAMENTOS AO TRABALLO

➤ Nos **desprazamentos** teranse en conta:

- No **transporte colectivo** tanto as empresas concesionarias como as persoas usuarias observarán en todo momento as medidas de protección e o uso da máscara, e as demais medidas de prevención, evitando condutas como levantarse, interactuar, berrar, compartir obxectos, tocar superficies comúns ou outras condutas que poidan xerar risco de contaxio ou transmisión.

Nos **traxectos inferiores a dúas horas** non se poderán consumir alimentos no interior dos vehículos ou embarcacións e na medida do posible, evitarase consumir bebidas.

- Nos **vehículos de turismo** utilizarase sempre a máscara a non ser que todos os ocupantes convivan no mesmo domicilio e garantirase a entrada de aire exterior.




MEDIDAS PARA GARANTIR A DISTANCIA DE SEGURIDADE

➤ Adoptaranse as medidas necesarias para **garantir a distancia entre persoas de 1,5 m.**

➤ Exporase ao público a capacidade máxima e estableceranse **procedementos que permitan o reconto e control da capacidade**, de forma que esta non sexa superada en ningún momento, como poden ser:

- **Organizar a entrada da clientela** por quendas se fose preciso nos momentos de máxima afluencia. Se fose necesario poderanse utilizar valos ou sistemas de sinalización equivalentes para un mellor control dos accesos.



- Establecer **control de accesos** nos aparcadoiros propios.

- **Sinalizar o chan** mediante cintas adhesivas ou postes separadores que proporcionen **distancias mínimas** entre a clientela que fai cola para ser atendida, a caixa, etc.



- **Organizar o percorrido** de entrada e saída para dirixir o fluxo de persoas que entran e saen do comercio co fin de evitar o contacto.

- Cando sexa posible establecerase un **uso diferenciado de portas para a entrada e a saída.**

- O persoal de seguridade velará para que se **evite a formación** de grupos numerosos e **aglomeracións**, en especial nas zonas de escaleiras mecánicas, ascensores, zonas comúns de paso e zonas recreativas.

- Utilizar preferentemente o **pago con tarxeta ou móbil** sempre que sexa posible para evitar o contacto coa clientela.



- Recoméndase o uso de **pantallas de separación** que fagan de barreira nos postos de atención ao público, en especial cando non se poida garantir a distancia de seguridade.



➤ Cando polas condicións e capacidade máxima permitida non sexa posible manter a distancia de 1,5 m, ademais de usar a máscara en todo momento garantirase unha adecuada ventilación e cumprírase coas medidas de prevención e hixiene sen prexuízo de que se deba procurar manter a máxima separación posible entre persoas non conviventes, así como o debido control para evitar as aglomeracións.

MEDIDAS DE HIXIENE, LIMPEZA E VENTILACIÓN

- › Deberanse pór á disposición do público **dispensadores de xeles hidroalcohólicos** ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do local que deberán estar sempre en condicións de uso.
 - › Disporase de **papeleiras** para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente e, polo menos, unha vez ao día.
 - › É **obligatorio o uso da máscara** no interior do comercio.
 - › Asegurar a **dispoñibilidade de produtos para a limpeza e desinfección** (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados).
 - › **Facilitar o lavado frecuente de mans**, e proporcionar xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida ao persoal traballador.
 - › **Buscar a mellor maneira de protexer o produto** para evitar a súa contaminación pola exposición e manipulación.
 - › **Eliminar os produtos de mostra** salvo os de telecomunicacións que se poderán probar baixo supervisión.
 - › Solicitar á clientela que **non manipule os artigos** que non vaia comprar.
 - › Ter ao alcance da clientela só as **pezas imprescindibles**, por exemplo, unha por modelo, para favorecer que o persoal poida controlar mellor a súa manipulación.
 - › **Seleccionar o número de pezas a probar**. Para o control do número de pezas utilizar elementos que se poidan refugar e que en ningún caso se compartan.
 - › **Utilizar** de forma recorrente **xeles hidroalcohólicos** ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao uso de **materiais que comparta** o persoal como ordenadores, datáfonos, etiquetadoras, etc.
 - › Os **uniformes** ou roupa de traballo, serán **lavados e desinfectados regularmente** seguindo o procedemento habitual.
 - › **Asegurar unha limpeza e desinfección** adecuadas ás características e intensidade de uso dos **locais e espazos** reforzando especialmente a das superficies que máis se tocan (mostradores, pomos de portas, computador, TPV, probadores, aseos, etc.). É necesario limpar a área de traballo cando hai cambios de persoal. Realízala como mínimo dúas veces ao día e unha delas ao final da xornada. Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén se pode contemplar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza, sempre en condicións de seguridade e segundo as recomendacións da autoridade sanitaria.
 - › **O persoal que realice a limpeza** unha vez finalizado o seu traballo e tras despoñerse de luvas e máscara, debe realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos 40-60 segundos.
 - › **Ventilar adecuadamente** os locais para asegurar a renovación do aire tendo conta as características do espazo a ventilar.
- Tanto con ventilación natural, mecánica ou mixta recoméndase non superar no interior os 800 ppm de CO₂.
- De forma xeral, a ventilación mecánica, a filtración e purificación do aire deben realizarse coa supervisión de persoal técnico especializado.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS


- **Informar e formar ao persoal** sobre os riscos de contaxio e propagación do coronavirus, con especial atención ás vías de transmisión e as medidas de prevención e protección adoptadas.
- Elaborar un **protocolo/documento coas medidas de ventilación, limpeza e desinfección** a adoptar en función das características e intensidade de uso do centro de traballo.
- É preciso establecer **protocolos de actuación** no caso de que unha persoa traballadora manifeste síntomas da COVID-19 no seu posto de traballo, para protexela a ela e ao resto do persoal.
- Colocar **carteis en zonas visibles** do comercio que advirtan á clientela sobre as medidas organizativas e de distanciamento físico establecidas polas autoridades sanitarias e sobre a súa obrigaición de cooperar no seu cumprimento.
- Ter suficiente **material de protección**, especialmente **máscaras**, para o persoal traballador.
- Dispoñer dunha provisión **suficiente de material** para poder realizar as tarefas de **limpeza e desinfección** diaria. Entre eles, lixivia e produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar en condicións de seguridade segundo as indicacións do fabricante.
- Dar pautas de actuación ante posibles **situacións de estrés laboral** polo contexto actual.




• Técnica do lavado de mans con auga e xabón •




Humedecer as mans.



Aplicar suficiente xabón.




Fregar palma sobre palma.




Fregar palma sobre dorso cos
dedos entrelazados e viceversa.




Fregar palma sobre palma cos
dedos entrelazados.




Fregar o dorso dos dedos sobre a
palma oposta.



Fregar os polgares mediante un
movemento rotatorio.




Fregar as xemas dos dedos sobre
a palma da man contraria cun
movemento circular.



Fregar cada pulso coa man oposta.




Aclarar con auga.



Pechar a billa co cóbado ou ben
cunha toalla desbotable.



Secar cunha toalla de papel
desbotable.



Este proceso debe levar entre
40 e 60 segundos.


• **Técnica de hixiene das mans con preparaci3ns alcoh3licas** •



1
Depositar na palma da man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.




2
Fregar as palmas das mans entre si.



3
Estender o produto entre os dedos.




4
Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados.




5
Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos.




6
Fregar cun movemente de rotaci3n o polgar esquerdo atrapándose coa palma da man dereita e viceversa.




7
Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemente de rotaci3n e viceversa.



8
Fregar cada pulso coa man oposta.



9
Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non use papel nin toallas).



10
Este proceso debe levar entre 20 e 30 segundos.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN PERSOAL

➤ Será **obligatorio o uso da máscara** en todo momento nos establecementos comerciais, **aínda que se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros.**

➤ O emprego de máscaras na comunidade é **unha medida complementaria** e non substitúe as medidas preventivas establecidas como, por exemplo, distanciamento físico, etiqueta respiratoria, hixiene de mans e evitar tocar a cara, o nariz, os ollos e a boca. Si pode servir como un medio de control da fonte de infección ao reducir a propagación na comunidade, xa que se rebaixa a excreción de pingas respiratorias de individuos infectados que aínda non desenvolveron síntomas ou que permanecen asintomáticos.

➤ **As máscaras hixiénicas** deberán responder a estándares de calidade certificados ao mesmo nivel que as máscaras cirúrxicas ou médicas (Norma EN 14683:2019+AC:2019), o que exclúe os produtos fabricados con outro tecido, tricotado ou papel. Poden ser **reutilizables** (especificación técnica UNE 0065:2021) ou **non reutilizables** (especificación técnica UNE 0064-1:2021).



O seu uso pode **colaborar na diminución da transmisión** por parte de persoas sen síntomas ou con síntomas leves, sempre que se faga asociado ás medidas de prevención.

➤ **As máscaras cirúrxicas ou médicas**, deben ser un produto sanitario con marcado CE.



O seu uso **limita a saída das pingas respiratorias** polo que prevén a transmisión do virus a outras persoas e ten un efecto protector, se se usa de maneira adecuada e asociado ás medidas de prevención. Para iso é imprescindible que encaixe ben na cara, se tolere ben e se teñan as precaucións de uso correcto das máscaras.

➤ A **máscara de protección individual EPI (tipo FFP2)** só é recomendable nos casos prescritos polo servizo de prevención, que debe indicar o seu uso, tipo, tarefas e situacións nas que se debe usar. A máscara non debe estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os que este tipo de máscara poida estar recomendada.

A mellor forma de previr a **transmisión** é usar unha combinación de todas as medidas preventivas. Os equipos de protección individual (EPI), de considerarse, serán un complemento.

➤ **Usar e refugar** as máscaras e os EPI de forma adecuada para previr a infección. Lavar sempre as mans antes de poñelos e despois de quitalos. Evitar igualmente tocar a cara cando se leven postos.

➤ É necesario **garantir a subministración de material de protección**, de maneira especial máscaras e luvas, segundo as indicacións do servizo de prevención de riscos laborais e das autoridades sanitarias.

MEDIDAS NO CASO DUNHA SOSPEITA DE COVID-19

➤ No caso de que **unha persoa traballadora presente sintomatoloxía compatible** coa enfermidade, retiráraselle da súa actividade profesional, illaráselle e dotaráselle dunha máscara cirúrxica. Contactarase cos servizos de saúde chamando ao teléfono de atención **881 540 045** ou ao médico de atención primaria.

➤ **O servizo sanitario do SPRL** será o encargado de establecer os mecanismos para a investigación e seguimento dos contactos estreitos no ámbito das súas competencias, de forma coordinada coas autoridades de saúde pública.



O uso de máscara non debe nunca obviar a importancia do seguimento estrito das medidas xerais recomendadas para a prevención da infección por coronavirus, insistindo na importancia de manter a distancia de seguridade; a hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas; ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado; usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso, así como evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.



COLOCACIÓN CORRECTA DA MÁSCARA HIXIÉNICA OU CIRÚRXICA

Lavar as mans con auga e xabón antes de manipular a máscara. Identificar a parte superior e/ou o lado correcto desta. Colocala na cara e axustar, se dispón dela, a pinza nasal ao nariz.



Colocar ben as bandas, segundo modelo. Por detrás das orellas ou a banda superior pola parte da cabeza e a inferior pola parte de atrás do pescozo.


Baixar a parte inferior da máscara á barbela e verificar que esta queda cuberta na súa totalidade.



Presionar a pinza nasal, se a ten, cos dedos índices de ambas as dúas mans para axustala ao nariz. Verificar que a máscara está colocada correctamente, comprobando o selado e a ausencia de molestias respiratorias.

Unha vez axustada, non tocar a máscara coas mans. Se o usuario necesita tocar a máscara, debe previamente lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidroalcohólica.

XEITO CORRECTO DE POÑER E RETIRAR AS LUVAS



- **Paso 1:** Lavar as mans antes de poñer as luvas.
- **Paso 2:** Retirar as luvas e refugalas.
- **Paso 3:** Lavar as mans despois de quitar as luvas.

MEDIDAS PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS NO CENTRO DE TRABALLO

› Xestionar os **residuos ordinarios** do modo habitual.

› O material de hixiene persoal (**luvas, máscaras ou panos**) desbotaranse en papeleiras ou contedores con bolsa recambiable e depositarase na fracción resto.

› No caso de que unha **persoa traballadora presente síntomas** mentres se atope no seu posto de traballo, será preciso **illar o**

contedor onde depositase **panos ou outros produtos usados**. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.



MEDIDAS PARA O PERSOAL TRABALLADOR

› **Cumprir** con todas as medidas de prevención que lle indique a empresa.

› Manter a **distancia de seguridade** (aproximadamente 1,5 metros) e utilizar a **máscara** correctamente.

› **Evitar** o saúdo con contacto **físico**, incluído o dar a man.

› **Non utilizar equipos e dispositivos** doutras persoas traballadoras. No caso de que sexa necesario, aumentar as medidas de precaución e desinfectalos antes de usalos. Se non é posible, lavar as mans inmediatamente despois de usalos.

› **Lavar frecuentemente as mans** con auga e xabón, ou cunha solución hidroalcohólica. É especialmente importante lavarse despois de tusir ou esberrar ou despois de tocar superficies potencialmente contaminadas. Tratar de que cada lavado dure polo menos 40 segundos.



› **Aplicar a etiqueta respiratoria:** como norma xeral, non quitar a máscara para tusir ou esberrar e cambiala no caso de que estea húmida. Así mesmo, débese cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado. De usar panos desbotables ao tusir ou esberrar desbotalos nunha papeleira tras o seu uso. Posteriormente, realizar a hixiene das mans.

› **Evitar tocar** os ollos, o nariz ou a boca, xa que as mans facilitan a transmisión do virus, tamén cando use máscaras e/ou luvas.

› **Facilitar** o traballo ao persoal de limpeza cando se abandone o posto, despexándoo o máximo posible.

› **Tirar** calquera refugallo de hixiene persoal, especialmente os panos desbotables, de forma inmediata ás **papeleiras** ou contedores habilitados.

› **No caso de presentar síntomas no traballo**, debe comunicalo á empresa e contactar de inmediato co teléfono de atención **881 540 045** ou co médico de atención primaria.

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

- ▶ **Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia:**
<https://coronavirus.sergas.es/>
- ▶ **Ministerio de Sanidad:**
<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>
- ▶ **Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao novo coronavirus (SARS-CoV-2) (1 de febreiro de 2022):**
https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Proteccion_Trabajadores_SARS-CoV-2.pdf
- ▶ **Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral Fronte á COVID-19 (13 de decembro de 2021):**
http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/Actividade/GUIA_PREVENCION_xGEMERICAx_13_decembro.pdf
- ▶ **Normativa autonómica, Consellería de Sanidade:**
<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Normativa-autonomica->
- ▶ **Información para a adquisición de máscaras hixiénicas reutilizables e máscaras autofiltrantes FFP2:**
http://issga.xunta.gal/export/sites/default/recursos/descargas/Actividade/Informacion_web_mascaras_hixienicas_e_FFP2.pdf
- ▶ **Medidas para minimizar o risco de transmisión do SARS-COV-2 por aerosois:**
http://issga.xunta.gal/portal/recursos/descargas/Actividade/Medidas_prevencion_aerosois_1.pdf



A documentación elaborada pola Xunta de Galicia, a través do ISSGA, sobre recomendacións básicas para a prevención ante o coronavirus en distintas actividades sectoriais está dispoñible na páxina web: <http://issga.xunta.gal>